



Secretaría Xeral de Universidades

## **INSTRUCCIÓN DO 16 DE DECEMBRO DE 2019 DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA A OFERTA DE PROGRAMAS DE SIMULTANEIDADE DE GRAOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

Cursar de maneira simultánea dous graos é, nos últimos anos, unha opción que goza de gran aceptación entre o alumnado universitario. Desta maneira, está a crecer de xeito acelerado, aumentando progresivamente a súa oferta na maioría das universidades.

Un programa de simultaneidade de graos non é máis que un horario especial que aproban dous centros dunha universidade para facilitar a compatibilidade ao alumnado de xeito que poidan cursar á vez as dúas titulacións nas que se atopa matriculado.

É necesario lembrar polo tanto que os programas de simultaneidade de graos (comunmente mal chamados 'dobres graos') non son títulos universitarios diferenciados. Trátase de dúas titulacións distintas que son cursadas á vez polo alumnado integrado no programa e que, ao superar a totalidade dos créditos comprendidos no mesmo, recibe dous títulos de grao diferentes.

O desenvolvemento destes programas require, ademais da planificación específica dun horario que permita o seguimento das materias integradas no mesmo, autorizar ao alumnado interesado a formalizar a matrícula en dous títulos diferentes e nun número de créditos superior ao habitual. Por este motivo as universidades desenvolven unha normativa propia interna que regula o peculiar proceso administrativo que atinxe a estes programas dado que os programas de simultaneidade non figuran nas memorias de verificación dos títulos de grao implicados.

Na súa orixe, os programas de simultaneidade de grao presentaban dúas características principais. Por unha banda, tratábase de parellas de graos da mesma rama de coñecemento que permitían sinerxías evidentes na mellora das competencias adquiridas polo alumnado cara ao mercado laboral; por outra banda, esta opción reservábase a alumnado con notas de acceso moi elevadas, necesarias para garantir a posibilidade de afrontar a superior carga de traballo académico que esixen estes programas.

Co paso dos anos, engadíronse novas finalidades que desvirtuaron o seu obxectivo inicial. Entre elas, engrosar a matrícula de novo ingreso en títulos carentes de demanda, ou mesturar ramas de coñecemento eliminando parcialmente o carácter recíproco da demanda dos graos.

Secretaría Xeral de Universidades

En consecuencia, é necesario ordenar a oferta destes programas de simultaneidade para evitar disfuncións. Ademais, debe esixirse un mínimo de resultados académicos posto que estes grupos teñen que achegar valor respecto do sistema educativo tradicional de cursar título a título.

Por todo o anterior, en uso das competencias atribuídas á Secretaría Xeral de Universidades polo artigo 8 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, entre as que figura a planificación da oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, procedo a ditar as seguintes

## INSTRUCCIÓNS

Primeira. Un título universitario de grao poderá incluírse, como máximo, en tres programas de simultaneidade de graos.

Segunda. As prazas vinculadas a programas de simultaneidade de graos poderán supoñer, como máximo, un 20 por cento da oferta total do grao.

Terceira. Para os efectos da determinación da oferta oficial de prazas do SUG, cada unha das prazas vinculadas a un programa de simultaneidade de graos computará como 0,5 na oferta total de cada un dos graos que forman parte do programa.

Cuarta. Os programas de simultaneidade de graos deberán acadar, como mínimo, os seguintes resultados académicos:

- a) taxa mínima de idoneidade do 25 por cento
- b) taxa mínima de graduación do 33 por cento

Para o cómputo destes resultados terase en conta, no seu caso, a media dos tres últimos cursos académicos en que fora impartido o programa.

Quinta. As propostas de novos programas de simultaneidade de graos por parte das universidades do SUG deberán acompañarse dunha memoria xustificativa na que quede constancia da oportunidade da súa implantación tendo en conta os beneficios que podan supoñer para o alumnado

Secretaría Xeral de Universidades

que se matricule no novo programa.

Sexta. No caso de programas de simultaneidade de graos xa ofertados en cursos anteriores, a proposta da universidade deberá acompañarse dunha memoria na que se conteña a información detallada da evolución académica do alumnado dende a súa implantación.

Sétima. Antes do 28 de febreiro de cada ano, as universidades presentarán á SXU as propostas de programas de simultaneidade de graos que pretendan incluír na súa oferta para o curso seguinte, acompañadas da documentación indicada nas instrucións cuarta, quinta e sexta, indicando o número de prazas a ofertar en cada programa, co obxecto de proceder a súa análise e comprobación do cumprimento do establecido nas presentes instrucións.

Oitava. A SXU comunicará ás universidades, no prazo dun mes contado dende a presentación da proposta, a decisión adoptada con respecto á inclusión das mesmas na oferta oficial de prazas do SUG para o curso seguinte. Deste xeito, as universidades incluírán os grupos autorizados na súa proposta de oferta de prazas, figurando con código propio e de xeito diferenciado nas publicacións da CIUG.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2019

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro